

# VBoxManage

## Uso de VBoxManage

Para poder executar o comando debemos traballar a través dunha shell (consola) e dirixirnos ó directorio de instalación de VirtualBox, posiblemente: **Sun/xVM VirtualBox**

Por exemplo se temos instalado VirtualBox baixo Windows no cartafol **C:\** procederemos:

1. Inicio-->Executar-->cmd
2. Unha vez na consola de MS-DOS executar os comandos seguintes:

◆ `cd Sun\xVM VirtualBox`

◆ `VBoxManage.exe`

-este comando daranos axuda e sintaxe de aplicación do comando-

- ◆ Diriximonos na axuda á opción **clonehd** e deberiamos ver unha saída como a seguinte:

```
VBoxManage clonehd <uuid>|<filename> <outputfile>
                    [--format VDI|VMDK|VHD|RAW|<other>]
                    [--variant Standard,Fixed,Split2G,Stream,ESX]
                    [--type normal|writethrough|immutable]
                    [--remember]
```

3. Imos a clonar en local un disco duro:

O **disco duro a clonar** a partir de agora chamarémolo **ORIXE**.

O **disco duro onde queremos clonar** chamarémolo **DESTINO**.

Entón executamos:

```
VBoxManage clonehd ORIXE DESTINO --format VDI
```

O parámetro **--format** é moi interesante porque permite transformar o formato do disco duro virtual ORIXE a outro formato, é dicir, por exemplo podemos pasar un disco duro virtual formato VmWare ou VirtualPc a VirtualBox.